EXERCICIO AUTOAVALIABLE

CUESTIÓNS:

1. **Clasifica os seguintes poemas segundo a súa temática, xustificando brevemente a túa resposta:**

A

O CONTRATO

Cubriron con exactitude o impreso en vixencia inexcusable,
encheron puntuais os ocos baleiros con nomes completos,
enderezos e datas precisas de nacemento.
Cumprimentaron os estrictos documentos mediante pólizas determinadas,
certificados de pedra e facturas de floristerías.
Riscaron as cuadrículas burócratas da forma máis sensual
que puideron atopar naquel bolígrafo.
Non lembro xa cánto papel de estado empregaron na escritura de ingreso ni cántas
sinaturas ensaiadas.
Logo fixeron con tino a
inscripción legal gozosa no
rexistro
e antes de que vencera o prazo foron acordar a
cota mensual de beixos.

Non se esqueza
que se amaron dende as nove corenta e cinco do vintenove de maio
até as sete e tres minutos
dun catorce de setembro.

Yolanda Castaño

B

Terra cha

A terra cha somentes é:
un povo aquí, outro acolá,
mil arbres, monte raso,
un ceio chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.
O resto é soedá.

Manuel María

A MIÑA LINGUA **C**

I

Falo coa miña lingua irada,
coa rabia da brétema nos ollos,
coas palabras-farrapos culpantes
de tanto ladroício, coas bágoas,
o ferro, o veneno, a auga turba,
a lama dos pozos sen peitoril nin dono,
a fereza dos cazadores doutrora
-os que amansaban falcós e miñatos-
coa fala dos saqueadores de eirexas,
a lingua maldita dos asasinos,
dos saltadores de camiños,
de tódolos bandoleiros sen perdón
e dos guerreiros mercenarios,
a fala muda dos pobres de pedir
e dos guerreiros mercenarios,
a fala muda dos pobres de pedir
e dos cás escorrestados da lareira.
Falo coa miña fala vagamunda,
cos berros das mulleres no parto,
coa voz de cada condenado deste mundo,
de cada exiliado da vida.

II

Falo a un tempo a fala doce dos amantes,
falo prós amantes máis que nada
e pra tódolos que, por causa do amor,
sofren e calan a súa desdita.
Falo a fala dos poetas que están mortos,
coas súas mellores palabras,
coa súa palabra esquencida falo,
coa voz amantiña dos irmaos benqueridos,
coa vella pregalla que levo escrita no sangue
desde hai tanto e que foi inocente un día.

Pilar Cibreiro

2. **Explica cal é o punto de vista lírica do poema «O contrato» e do poema «A miña lingua».**

3. Explica brevemente os recursos estilísticos empregados nos seguintes versos dos poemas anteriores:

a) *«un povo aquí, outro acolá,*
mil arbres, monte raso,
un ceio chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.»

b) *«Cumprimentaron os estrictos documentos mediante pólizas determinadas,*
certificados de pedra e facturas de floristerías.»

c) *«Falo a un tempo a fala doce dos amantes,*
falo prós amantes máis que nada»

SOLUCIÓNS:

1. **Clasifica os seguintes poemas segundo a súa temática, xustificando brevemente a túa resposta:**

Texto A: temática satírica.

O poema é unha caricaturización dos trámites obrigados para contraer matrimonio, non tanto unha crítica da institución en si. O amor pasa a ser un contrato, como indica o título do poema, frío e burocrático.

Texto B: temática costumista.

O poema é unha descrición poética da paisaxe da Terra Chá

Texto C: temática social - patriótica.

O poema pon de manifesto o compromiso do poeta coa lengua galega.

2. **Explica cal é o punto de vista lírica do poema «O contrato» e do poema «A miña lingua».**

«O contrato» : 3ª persoa, el/ela lírico.

O falante lírico ou voz poética é narrador dunha anécdota, o contido central do poema é o relato dun suceso.

«A miña lingua»: 1ª persoa, eu lírico.

O falante lírico ou voz poética expresa os seus sentimentos íntimos.

3. **Explica brevemente os recursos estilísticos empregados nos seguintes versos dos poemas anteriores:**

a)

«un povo aquí, outro acolá,
mil arbres, monte raso,
un ceio chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.»

ASÍNDETON: Omisión de conxuncións para darlle maior vigor á frase e conseguir movemento rápido.

HIPÉRBATON: anticipa o que lexicamente, segundo a orde gramatical, debería estar posposto. (último verso: *andan as aves a voar*)

b)

«Cumprimentaron os estrictos documentos mediante pólizas determinadas, certificados de pedra e facturas de floristerías.»

METÁFORA: Substitución dun elemento, termo real, por outro, termo imaxinario, co que se relaciona por semellanza. («de pedra» é o termo imaxinario, o real sería fríos (que constitúe outra metáfora, lexicalizada polo uso) no sentido de indiferentes para eles.

c)

«Falo a un tempo a fala doce dos amantes,
falo prós amantes máis que nada»

ANÁFORA: Repetición dunha ou máis palabras no inicio de grupos de palabras sintáctico ou métricos que se sucedan.

FIGURA ETIMOLÓXICA: Repetición dun radical (**FAL-**)

SINESTESIA: unión de dúas imaxes ou sensacións pertencentes a dominios sensoriais diferentes. (fala doce)